

**OBRADOIRO DE PREPARACIÓN PARA O ACCESO AO
CONSERVATORIO DE MÚSICA PROFESIONAL DE RIBEIRA ENRIQUE PAISAL**

O obradoiro de preparación para o ingreso no Conservatorio está dirixido a nenos e nenas de 8 a 14 anos (cumpridos neste ano) e que queiran facer a proba de acceso para cursar estudos oficiais no Conservatorio de Música Profesional de Ribeira no curso 2026/2027.

Trátase dun curso de carácter gratuíto no que durante catro semanas traballaranse os contidos que van integrar a proba de acceso ao 1º curso do Grao Elemental (proba de carácter obrigatorio, e que terá lugar na segunda semana de xuño). Ademais disto os nenos e nenas poderán, mediante as presentacións do profesorado e alumnado do centro, ter un primeiro contacto coas distintas especialidades que se imparten no conservatorio. Este primeiro contacto, pretende axudalos na elección da especialidade que a partir de setembro queiran estudar.

O horario a elixir será o proposto no seguinte cadro (MARCAR O DÍA ELIXIDO) e contará cun máximo de 12 prazas e un mínimo de 6 inscritos por grupo para levarse a cabo. As inscricións aceptaranse por rigurosa orde de entrega deste formulario no email conservatorio@ribeira.gal

Unha vez recibido o formulario contestarase indicando a confirmación de praza.

En caso de que nalgún grupo non se cubran as prazas mínimas intentarase reubicar ao alumnado inscrito noutros grupos.

		SESION 1	SESION 2	SESION 3	SESION 4	HORARIO
	GRUPO 1 MARTES	7 ABRIL	14 ABRIL	21 ABRIL	28 ABRIL	18:30 a 19:15
	GRUPO 2 XOVES	9 ABRIL	16 ABRIL	23 ABRIL	30 ABRIL	17:00 a 17:45
	GRUPO 3 XOVES	9 ABRIL	16 ABRIL	23 ABRIL	30 ABRIL	20:00 a 20:45

APELIDOS E NOME DO/A ALUMNO/A.....

DATA DE NACEMENTO.....COLEXIO NO QUE ESTUDA.....

NOME DO PAI/NAI/TITOR.....

TELÉFONO DE CONTACTO 1TELÉFONO DE CONTACTO 2.....

EMAIL

FIRMA